



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

PRESIDENCIA

S-1

FCG/mi

Copie

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE	
REGISTRO XERAL	
22 ABR 2016	
N.º ENTRADA	N.º SAIDA
	5501

En contestación á pregunta formulada o 8 de abril de 2016 por don José Ignacio Gómez Pérez, deputado e portavoz provincial do Grupo Socialista da Deputación Provincial, respecto ós membros da Comisión de seguimento do Convenio marco para a xestión do servizo de recollida de animais abandonados, comunícolle:

1º) De acordo coa cláusula 7ª do Convenio marco do dito servizo intermunicipal, integran a Comisión de seguimento os seguintes membros:

a) En representación da Deputación Provincial:

O presidente ou deputado no que delegue, que presidirá a Comisión.

Asistirán ademais os secretario, a interventora, o tesoureiro, o director da Área de Medio Ambiente e o xefe do Servizo de Recadación, todos eles con voz pero sen voto.

b) En representación dos concellos:

- O alcalde ou concelleiro en quen delegue de Xinzo de Limia.

- O alcalde ou concelleiro en quen delegue do Carballiño.

- Un representante da agrupación de concellos de Muíños, Bande, Lobeira, Entrimo e Lobios.

- Un representante da agrupación de concellos da Rúa, Petín, Larouco e Vilamartín de Valdeorras.

- Un representante de cada comarca ou agrupación de concellos que se adhiran posteriormente.

Aínda que a cláusula 7ª do Convenio prevé tamén o integración do alcalde de Melón na Comisión, este Concello non se adheriu o Convenio marco, polo que a dita cláusula non é de aplicación neste punto.

Polo que se refire ós representantes das diferentes agrupacións de municipios e comarcas no momento actual, son os seguintes:



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

PRESIDENCIA

**Agrupación de concellos de Muíños, Bande, Lobeira, Entrimo e Lobios:**

Titular: alcalde do Concello Lobeira.

Suplente: alcalde do Concello de Muíños.

**Agrupación de concellos da Rúa, Petín, Larouco e Vilamartín de Valdeorras:**

Titular: alcalde do Concello de Petín.

Suplente: alcaldesa do Concello da Rúa.

**Resto da Comarca de Valdeorras:**

Titular: alcalde do Concello do Bolo.

Suplente: alcalde do Concello de Rubiá.

**Comarca de Ourense:**

Titular: alcalde de Esgos.

Os concellos interesados non designaron suplentes.

**Comarca de Allariz-Maceda:**

Titular: alcalde do Concello de Maceda.

Suplente: alcalde do Concello de Paderne de Allariz.

**Terra de Trives:**

Titular: alcalde do Concello de Manzaneda.

Suplente: alcalde do Concello de San Xoán de Río.

**Terra de Celanova:**

Titular: alcaldesa do Concello de Cartelle.

Suplente: alcalde do Concello de Ramirás.

Con posterioridade á elección de representantes incorporáronse ó convenio os concellos da Bola, Padrenda e Vereas, ós que se requirirá para a emisión do voto correspondente, o que poderá determinar o cambio dos representantes da Comarca.

**Comarca da Limia:**

Titular: alcalde do Concello dos Blancos.

Os concellos interesados non designaron suplentes.

**Comarca do Carballiño:**

Titular: alcalde do Concello de Piñor.

Os concellos interesados non designaron suplentes.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

PRESIDENCIA

**Comarca do Ribeiro:**

Titular: alcalde do Concello de Castrelo de Miño.

Os concellos interesados non designaron suplentes.

**Comarca de Viana:**

Ata o 10 de marzo de 2016 só había un concello desta comarca adherido (Vilariño de Conso, que era o representante na Comisión), ó 10 de marzo se adheriuse A Gudiña, polo que é necesario proceder á elección de representante que se realizará en data próxima.

**Comarca de Verín:**

Adheríronse os concellos de Riós e Cualedro en datas 11 de marzo e 31 de marzo de 2016 respectivamente, polo que é necesario proceder á elección de representante que se realizará en data próxima.

**Terra de Caldelas:**

Adheríronse os concellos da Teixeira e Montederramo en datas 30 de marzo e 1 de abril de 2016 respectivamente, polo que é necesario proceder á elección de representante que se realizará en data próxima.

Ourense, 21 de abril de 2016

O PRESIDENTE

Asdo.: José Manuel Baltar Blanco